



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DIA 27 DE OUTUBRO DE 2011.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

- D^a. Ana Ledo Fernandez
- D. José Angel Rey Seoane
- D^a. Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D. Gonzalo Concheiro Coello
- D^a. Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Antonio Costoya Duro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

Secretaria-Interventora:

D^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20:08 horas do día vinte e sete de outubro de dous mil once, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde-presidente D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido o alcalde-presidente abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do

día:

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/ ANTERIORES

Coñecidas polos/as asistentes a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, as actas das sesións do Pleno da Corporación dos días 29/09/2011 e 24/10/2011, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación ás mesmas. Non son formuladas observacións polo que o Pleno municipal por unanimidade, con once votos a favor, cinco concelleiros do grupo municipal do PSdG.-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación de data 29/09/2011 así como acta da sesión extraordinaria do Pleno de data 24/10/2011.

2.- PROPOSICIÓN APROBACIÓN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 20/2011 SUBEXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 4/2011

Pola Secretaria dáse lectura a proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente, aceptándose por unanimidade o tratamento deste punto sen ditaminar con 11 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto.

<<PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA DE ACORDO PARA O PLENO MUNICIPAL A CELEBRAR EN DATA 27/10/2011

Visto que no expediente de incorporación de remanentes de crédito, expediente de modificación de crédito 2/2011, aprobado polo decreto 3/2011 de data 3/1/2011, no que en relación coas seguintes obras subvencionadas por Deputación, fíxose incorporación financiada con remanente de tesourería para gastos con financiación afectada ó 100% cando a incorporación do incremento do IVE do 2% (dun 16 un 18) debería terse financiado con remanente de tesourería para gastos xerais do 2010.

Obras :

- A) Mejora de camino de Campo de Lanza y otros (parroquias de Ánxeles y Dormeá) Total = 86.340,11€ dos que **1.463,37€** representan un incremento do IVE do 2%.
- B) Acondicionamento de acceso a Iglesia de San Vicente de Arceo Boimorto, 28.128,72€ mais **486,53** son do incremento do IVE 2%
- C) Reposición muro rúa Campo Iglesia de Santiago 14.001,25€ mais **241,40€** son do incremento do IVE nun 2%

Non dándose baixas nestas contratacións para que se asumise dentro da partida subvencionada pola Deputación, dito incremento do IVE en economía do contrato en compensación, e visto que esto non foi detectado por intervención na liquidación e cierre do exercicio, nin hai nestes momentos remanente de tesourería para gastos xerais para facer fronte a estes gastos de incremento do IVE por terse utilizado durante o exercicio 2011.

Considerando necesario imputar a recursos propios o que tiña que financiarse con remanente de tesourería para gastos xerais e tendo en conta que existen partidas do anexo de inversións, como a dotada para a adquisición de parcela para a Miniresidencia e Centro de día que poderían darse de baixa por anulación para financiar a creación de partidas específicas de gastos con cargo a recursos propios para facer fronte os incrementos do IVE do 2% en cada unha destas obras .

Visto informe de secretaría a esta modificación de data 24/10/2011.

Vista a normativa legal que permite a modificación dos presupostos, de conformidade co disposto no RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no RD 500/90, do 20 de abril, e nas Bases de Execución do Presuposto do exercicio 2011.

Á vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía propón que o Pleno acepte o tratamento deste asunto sen ditaminar pola comisión informativa permanente especial de contas e **ACORDE:**

Primeiro.- Aprobar a modificación vía crédito extraordinario para a habilitación de crédito nas seguintes partidas orzamentarias polos importes que se indican :

2011.0.45.8B.61900 Mejora de camino campo da Lanza y otros asunción do IVE 2%= 1.463,37€.

2011.0.15.1C.63203 Reposición de muro en rúa campo da iglesia de Santiago IVE do 2%= 241,40€.

2011.0.45.9B.61900 Acondicionamento acceso a la iglesia de San Vicente de Arceo (Boimorto) IVE 2%= 486,53€

Total = 2.191,30€ a financiar con baixa por anulación na partida 92.62301

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinados e non se poden demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2011, crédito para estes gastos no capítulo 6 ó estar as partidas non incluídas en bolsa, por ser gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas .

Cuarto . - Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

Boimorto 24 de outubro de 2011

O Alcalde :

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>>

Sen máis intervencións o Pleno municipal con 11 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación vía crédito extraordinario para a habilitación de crédito nas seguintes partidas orzamentarias polos importes que se indican :



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

2011.0.45.8B.61900 Mejora de camino campo da Lanza y otros asunción do IVE 2%= 1.463,37€

2011.0.15.1C.63203 Reposición de muro en rúa campo da igrexa de Santiago IVE do 2%= 241,40€

2011.0.45.9B.61900 Acondicionamento acceso a la igrexa de San Vicente de Arceo (Boimorto) IVE 2%= 486,53€

Total = 2.191,30€ a financiar con baixa por anulación na partida 92.62301.

SEGUNDO.- Considerar estes gastos específicos e determinados e non se poden demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

TERCEIRO.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2011, crédito para estes gastos no capítulo 6 o estar as partidas non incluídas en bolsa, por ser gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas .

CUARTO . - Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública

3.- PROPOSICIÓN APROBACIÓN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 21/2011 SUBEXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 4/2011

Pola Secretaría dáse lectura a proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente, aceptándose por unanimidade o tratamento deste punto sen ditaminar con 11 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto.

PROPOSICIÓN DA ALCALDIA PARA O PLENO MUNICIPAL DE DATA 27/10/2011

Visto que no orzamento municipal para a anualidade 2011 existe consignación orzamentaria creada (de aprobarse definitivamente) co crédito extraordinario nº 4/2011, partida 2011.0.45.8B.61900 Mejora de camino campo da Lanza y otros, asunción do IVE 2%= 1.463,37€ faltando 0,02€ por erro derivado da xeración de crédito do 2010 e incorporación de remanente , nos redondeos .

Sendo estes uns gastos específicos e determinados, non demorables o exercicio seguinte.

Visto informe de secretaría intervención de data 24/10/2011 .

Vista a normativa legal que permite a modificación dos presupostos, de conformidade co disposto no RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no RD 500/90, do 20 de abril, e nas Bases de Execución do Presuposto do exercicio 2011, polo exposto propoño unha vez aceptado o tratamento deste punto na orde do día que o Pleno municipal **ACORDE** :

Primeiro.- Aprobar a modificación, vía suplemento de crédito para a ampliación de crédito na seguinte partida orzamentaria:

2011.0.45.8B.61900 Mejora de camino campo da Lanza y otros asunción do IVE 2%= POR 0,02€

Segundo.- Estes gastos son específicos e determinados e non se poden demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2011, crédito suficiente a nivel de vinculación xurídica ó estar as partidas non incluídas en bolsa por ser gasto de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesma .

Cuarto . - Financiar este suplemento cunha baixa por anulación na partida de Alarmas e sistemas de seguridade para os edificios municipais, partida 92.62301,

Quinto.- Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e ó artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública, entendendo o mesmo tempo exposta e tramitada a modificación do anexo de inversións do exercicio 2011 con todas as modificacións aprobadas ata esta data .

Boimorto o 24 de outubro de 2011

O Alcalde -Presidente

Asdo.-José Ignacio Portos Vázquez >>

Sen máis intervencións o Pleno municipal con 11 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación, vía suplemento de crédito para a ampliación de crédito na seguinte partida orzamentaria:

2011.0.45.8B.61900 Mejora de camino campo da Lanza y otros, asunción do IVE 2%= POR 0,02€ .

SEGUNDO.- Estes gastos son específicos e determinados e non se poden demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

TERCEIRO.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2011, crédito suficiente a nivel de vinculación xurídica ó estar as partidas non incluídas en bolsa por ser gasto de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesma .

CUARTO . - Financiar este suplemento cunha baixa por anulación na partida de Alarmas e sistemas de seguridade para os edificios municipais, partida 92.62301.

QUINTO.- Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública entendendo o mesmo tempo exposta e tramitada a modificación do anexo de inversións do exercicio 2011 con todas as modificacións aprobadas ata esta data .

4.- PROPOSTA APROBACIÓN ORDENANZA DE CESIÓN DE USO DE LOCAIS MUNICIPAIS A ASOCIACIÓNS

Pola Secretaria dáse lectura a proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente

<<Visto o expediente elaborado para a aprobación da Ordenanza de cesión de uso de locais municipais á asociacións cidadás e agrupacións veciñais do Concello de Boimorto.

Visto o informe da Secretaria interventora de data 21/10/2011.

Visto o artigo 233 do ROP e que polo Concello de Boimorto se pretende a regulación con Ordenanza da cesión de uso de locais municipais ás asociacións cidadás e agrupacións veciñais do Concello de Boimorto.

Esta Alcaldía, propón que o Pleno municipal **ACORDE:**

PRIMEIRO.- Ratificar o contido íntegro do expediente para a aprobación da Ordenanza de cesión de uso de locais municipais ás asociacións cidadás e agrupacións veciñais do Concello de Boimorto, transcrito como anexo a esta proposta.

SEGUNDO.- Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comezarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste Concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e a publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

ANEXO

Ordenanza reguladora da cesión de uso de locais municipais a asociacións cidadás e agrupacións veciñais do Concello de Boimorto.

A participación cidadá é un dos eixes máis importantes da sociedade, que se debe traballar a través dunha política pública transversal, fomentando e instaurando mecanismos para promover o respecto e a profundación dos dereitos



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

das persoas, que aumenten a intervención dos cidadáns, fortalezan a democracia e permitan mellorar a calidade de vida da cidadanía.

O elemento asociativo configúrase na actualidade como clave no proceso de construción dunha sociedade máis participativa e máis democrática e como factor esencial para o progreso social. Polo tanto, resulta necesaria a participación dos cidadáns, a través das entidades cidadás e asociacións para preservar a riqueza social e cultural da comunidade, ó mesmo tempo que tratar das cuestións que afecten aos distintos sectores sociais aos que representan.

É neste marco onde o Concello de Boimorto desprega a súa acción de fomento do tecido asociativo, intentando solucionar as necesidades das asociacións e agrupacións de veciños a través da autorización legal oportuna.

Preténdese, pois, promover a realización de actividades autoxestionadas de interese social, coa cesión voluntaria e gratuíta do uso de locais e equipamentos que sexan de titularidade municipal.

A presente normativa ten como finalidade regular e facilitarlles ás entidades sociais sen ánimo de lucro unha sede social ou un espazo, onde poidan desenvolver as súas actividades e conseguir os seus obxectivos, ao mesmo tempo que o dito espazo supoña un punto de encontro para os seus membros e de referencia para a cidadanía.

Tratándose de bens de titularidade municipal, susceptibles de seren utilizados por unha pluralidade de asociacións ou agrupacións deste termo municipal, correspóndelle ao concello a competencia exclusiva de decidir os que poderán ser os beneficiarios das cesións, atendendo a criterios obxectivos e de dispoñibilidade de espazo.

Correspóndenlle tamén ao concello as facultades de tutela, a cuxos efectos estableceranse as medidas e normas básicas de organización, sen detrimento da autonomía que as entidades que os ocupen nese momento poidan ter.

Título I

Obxecto da ordenanza

Artigo 1. Obxecto

1. Esta ordenanza ten por obxecto a fixación dos criterios e do procedemento xeral para seguir na cesión de uso dos locais municipais ás asociacións e agrupacións que o soliciten.

Trátase da cesión de uso dun local realizada coa duración que o acordo estableza, con carácter gratuíta e a título de precario, sen que en ningún momento poida considerarse que esta constitúa dereito económico ou de alugueiro a favor de calquera das partes.

2. As cesións de uso proporcionaránlles ás entidades sociais un espazo onde desenvolver as súas actividades e cuxa finalidade será de utilidade pública ou de interese social que redunden en beneficio dos nosos veciños.

3. Quedan excluídas desta ordenanza as cesións temporais destinadas a satisfacer necesidades puntuais ou transitorias, as cales estarán reguladas pola autorización municipal oportuna, ou aqueles inmobles ou equipamentos que dispoñan doutra normativa específica.

Artigo 2. Espazos que se ceden

1. O Concello de Boimorto acordará a cesión, en precario, ás asociacións e agrupacións da localidade que o requiriran e dentro das súas posibilidades, dos locais de titularidade municipal susceptibles de cesión de uso en todo ou en parte que non estean afectos ó servizo público.

Artigo 3. Entidades que poden acollerse a esta ordenanza

1. As asociacións constituídas legalmente ó abeiro da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, poderán solicitar a utilización dun local municipal para a realización de actividades propias do seu obxecto social; será condición indispensable que a asociación interesada non teña ánimo de lucro e que se atope inscrita no correspondente rexistro público.

Así mesmo poden solicitar a utilización dun local para a realización de actividades de interese xeral de índole social, cultural, ou deportivo, que redunden en beneficio da comunidade, as agrupacións de veciños que non teñan ánimo de lucro, constituídas por un mínimo de catro membros.

2. Considérase que unha asociación ou agrupación non ten ánimo de lucro cando non desenvolva actividade económica ningunha ou, de desenvolvela, o froito desa actividade destínase única e exclusivamente ao cumprimento das finalidades de interese xeral establecidas nos seus estatutos, no caso de asociacións, ou á realización de actividades de interese para a comunidade no caso de agrupacións veciñais, sen repartición de beneficios, directos ou indirectos entre os seus membros.

3. En todo caso, o concello garantirá a prioridade de cesión ás entidades cuxo fin sexa favorecer a igualdade de oportunidades que favorezan a participación igualitaria entre mulleres e homes, non-discriminación, accesibilidade universal das persoas con discapacidade ou outros proxectos de intervención social.

4. Entre os criterios de adxudicación, ademais da finalidade de uso do espazo, teranse en conta tamén a utilización que se vai facer do espazo, (diaria, semanal, quincenal, ...), o número de beneficiarios potenciais do servizo, e outros que a criterio técnico se vexan necesarios.

Artigo 4. Solicitudes

As asociacións e agrupacións solicitarán ó concello, por escrito, a cesión dun local, achegando un proxecto anual de actividades e servizos, así como os horarios previsibles, que se desenvolverán no espazo para ceder.

A Alcaldía estudará cada solicitude e, en función da dispoñibilidade de locais, realizará un informe ó respecto, coa colaboración dos técnicos municipais, emitindo unha proposta na que se indicarán as condicións de uso, que deberá someterse á aprobación da Xunta de Goberno Local.

Artigo 5. Cesión

1. Estudada a solicitude, a Alcaldía proporalle á Xunta de Goberno Local a adopción dun acordo polo que se lle permita á entidade social interesada acceder ó uso dos inmobles ou equipamentos obxecto desta ordenanza, en función da natureza do ben, de conformidade co artigo 3.
2. O acordo de cesión de uso deberá expresar a finalidade concreta do destino dos bens e conterá os condicionamentos, limitacións e garantías que se estimen oportunos, cuxo incumprimento dará lugar á reversión do uso. Como norma xeral, a cesión de uso terá un carácter anual con prórrogas ata un máximo de 5 anos. Unha vez superado o dito período, poderá volverse a conceder a cesión de uso se non variaron as condicións polas que o colectivo accedeu a el, pero revisaranse as condicións de cesión.
3. O acordo de cesión pode referirse tamén a outros extremos que afecten á colaboración entre o concello e a entidade beneficiaria.
4. O concello non dirixe nin presta conformidade ás actividades para realizar nos locais cedidos. As asociacións non teñen ningunha relación de dependencia co concello, que non se fai responsable nin directa nin subsidiariamente dos danos materiais, persoais ou morais que poidan producirse dentro do local.

Artigo 6. Obrigacións

1. A asociación ou agrupación beneficiaria dunha cesión de uso está obrigada a cumprir as disposicións e normas desta ordenanza, así como as que figuren no acordo da Xunta de Goberno Local.
2. Inmediatamente á adopción do acordo de cesión, a entidade beneficiaria disporá dun mes para confirmar o proxecto de actividades e servizos para o ano en que a Xunta de Goberno Local tomou o acordo.

Título II

Das normas xerais de uso de locais

Artigo 7. Usos

1. Os espazos cedidos para uso exclusivo poderán ser utilizados pola entidade beneficiaria para aquelas funcións ou actividades que lle sexan propias. O acordo de cesión ou a autorización de uso poderá regular máis amplamente esta materia naqueles puntos que se estimen oportunos.
2. Un local pode ser cedido a unha soa entidade individualizadamente ou a varias, de maneira que poidan usalo de forma compartida.
3. Calquera outra utilización diferente ás anteriores deberá ser autorizada polo concello.

Artigo 8. Mantemento

1. As asociacións e agrupacións estarán obrigadas á conservación dilixente dos espazos de uso exclusivo e de uso común, e, en xeral, de todo o inmovible, como tamén do mobiliario, respondendo dos danos que poidan ocasionar os seus membros e usuarios, ben por acción ou por omisión, efectuando de forma inmediata e ó seu cargo, previa autorización do concello, as reparacións necesarias. Este apartado non se aplicará no caso de que as deterioracións lle sobreveñan ó local polo só efecto do uso e sen culpa da entidade beneficiaria ou polo acaecemento dun dano fortuíto.
2. Corresponderá á entidade beneficiaria o mantemento e as reparacións dos bens mobles incluídos na cesión. Velarán pola limpeza e a orde. Despois de cada período diario de uso procederán á súa limpeza e ordenación do mobiliario e elementos interiores.
3. Nos locais cedidos para uso individualizado para unha soa asociación ou agrupación, esta deberá facerse cargo do aboamento das subministracións necesarias para a súa actividade en canto á electricidade, auga, gas, calefacción e limpeza. A alta e aboamento do teléfono fixo, se é o caso, correrá a cargo da asociación correspondente, así como a tramitación dos permisos necesarios.
4. Nos locais de uso compartido, o concello será o encargado de prover estas subministracións, buscándose fórmulas para que cada entidade aboe a parte correspondente ó seu consumo. A limpeza nestes locais compartidos correrá a cargo das asociacións velando pola orde e limpeza, co fin de que podan ser utilizados por outras asociacións ou agrupacións.
5. Unha vez concedido o uso facilitaráselles ós interesados as chaves correspondentes para a apertura e peche dos locais, os que serán responsables da súa custodia e adecuado uso. Absterase de realizar reproducións desta, agás que a Alcaldía o autorice expresamente. En caso de copias, todas serán devoltas ó concello ó termo do período de uso dos edificios e locais.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

6. A asociación ou agrupación virá obrigada a cesar temporalmente na súa actividade no local cando fora requirida polo concello, naqueles supostos que se considere necesario para a realización de actos municipais, ou aqueles que lle veñan impostos e sexan de inescusable cumprimento. Nese caso, a asociación deberá deixa-lo local perfectamente ordenado e sen elementos que dificulten a realización da actividade municipal, dentro do prazo que se indique na comunicación que para o efecto se remitirá dende o concello.

Artigo 9. Horarios

1. Uso individualizado. As entidades beneficiarias dun local de uso individualizado poderán fixar libremente o horario de apertura e peche, sempre que sexa compatible coa normativa vixente. Non obstante, no acordo de cesión adoptado pola Xunta de Goberno Local poderá delimitarse outro horario de apertura diferente en atención ás actividades que xustifican a cesión á asociación ou colectivo.

2. Uso compartido.

a) Cando o espazo de uso cedido sexa compartido por diversas entidades, os respectivos acordos de cesión contemplarán os días e horario en que poderá ser utilizado por cada unha delas.

b) Cando se trate de centros abertos ó público en xeral, o concello fixará libremente o horario de apertura ó público.

c) Cando o horario de utilización asignado a cada entidade non coincidira co de apertura ó público, estas poderán facer uso do espazo cedido, pero deberán pechar o acceso ó centro á chegada e saída deste.

d) Para distribuír os días e horarios nos que se poderán utiliza-los equipamentos, será necesario a consulta previa de tódalas asociacións afectadas.

Artigo 10. Espazos comúns

En aqueles locais compartidos por varias entidades, corresponde ó concello establecer cales son os espazos de uso común de cada centro e a finalidade e o uso que se pode facer destes.

Artigo 11. Actividades non permitidas

No interior do local cedido e dentro do respecto á autonomía da asociación, non se poderán realizar actividades que contraveñan os principios de igualdade das persoas, polo que se prohibe a realización de calquera acto de carácter violento ou que atente contra a dignidade persoal ou discrimine a individuos ou grupos por razón de raza, sexo, relixión, opinión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Queda prohibida a utilización dos espazos cedidos mediante estes acordos de cesión para a realización de actividades económicas que non se contemplen nos estatutos, no caso de asociacións, ou no proxecto de actividades, no caso de agrupacións veciñais, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas, e tendo en conta en todo caso o disposto no artigo tres desta ordenanza.

Non se poderán almacenar papeis, cartóns nin material inflamable que poida poñer en perigo a seguridade dos usuarios.

Artigo 12. Obras

1. As entidades beneficiarias non poderán realizar no espazo cedido para o seu uso exclusivo, nin nos bens mobles nin, en xeral, en todo o inmovible, ningún tipo de obra ou actuación sen a expresa autorización previa do concello.

2. As obras ou actuacións quedarán en beneficio do ben inmovible, sen dereito a percibir ningún tipo de indemnización ou compensación económica pola súa realización.

3. En caso de contravi-lo disposto no apartado 1 deste artigo, o concello poderá revoga-lo acordo de cesión de uso do local á dita asociación ou tamén poderá ordenar que se restituía o ben ó seu estado orixinal, sen dereito a indemnización ou compensación económica. En caso de non facelo, o concello poderá executar subsidiariamente as obras de restitución, estando obrigada a entidade a paga-lo custo. Se a restitución fora imposible sen o menoscabo do ben, o causante estará obrigado a indemnizar polos prexuízos ocasionados.

Artigo 13. Responsabilidade civil

1. Cada entidade será responsable directa dos danos e perdas ocasionados a terceiros nos espazos cedidos causados polos seus membros e usuarios, ben por acción ou por omisión, dolo ou negligencia, tendo a condición de terceiro o propio concello.

2. O concello poderá esixir unha fianza en calquera das formas legalmente permitidas. A fianza responderá do cumprimento das obrigacións do bo uso e restitución dos edificios e locais e instalacións municipais á situación anterior ó momento da cesión. Así mesmo, garantirá a indemnización dos danos e perdas cando deban responde-los usuarios dos que efectivamente se produzan nos edificios, locais e instalacións cedidos. Tamén responderán do pagamento das sancións que poidan impoñerse en virtude da aplicación desta ordenanza. A contía do importe da fianza será determinada pola Xunta de Goberno Local, con base na normativa aplicable.

3. Así mesmo, o concello poderá esixirlles ás entidades beneficiarias a contratación dunha póliza de seguro por todo o tempo que dure a cesión, que cubra tanto os bens que deposite nos locais fronte ós riscos de roubos, incendios, etc., como a responsabilidade civil por danos e perdas que os usuarios poidan causar a terceiros.

Título III

Deberes das asociacións e entidades. Control do cumprimento

Artigo 14. Deberes das asociacións e entidades

Todas as entidades cidadás e asociacións cumprirán as normas xerais contidas nesta ordenanza, e, en concreto:

- a) Respetar os horarios de utilización establecidos no acordo de cesión ou aqueles outros que lle autorice o concello.
- b) A destinar o espazo cedido ás finalidades propias da entidade, realizando o seu programa de actividades, como tamén ó que establece o acordo de cesión ou poida autoriza-lo concello.
- c) A non realizar en ningún centro ningún tipo de publicidade mercantil de terceiros, salvo con autorización municipal. Entenderase por publicidade toda forma de comunicación que teña por obxecto favorecer ou promover de forma directa ou indirecta a compravenda ou contratación de servizos e/ou bens mobles.
- d) A respectar os espazos asignados e a outras entidades ou asociacións que compartan o centro, sen interferir no normal desenvolvemento das súas actividades.
- e) A respectar a finalidade e destino dos espazos de uso común.
- f) A non causar molestias ós veciños nin perturbar a tranquilidade da zona durante os horarios de utilización, adoptando as medidas oportunas establecidas na normativa vixente.
- g) A conservar os espazos asignados para o seu uso en óptimas condicións de salubridade e hixiene.
- h) A custodiar as chaves do centro e a pechalo cando sexa a última entidade en usalo, salvo que o acordo de cesión dispoña outra cosa. Ó mesmo tempo velarán polo bo uso dos espazos cedidos, exercendo a vixilancia e o control dos usuarios.
- i) A non ceder a terceiros, nin total nin parcialmente, sexa ou non membro da entidade, o uso do espazo que se lle asignara.
- j) Cando se trate de centros abertos ó público, a non impedir entrada, dentro do horario de funcionamento, a ningunha persoa por razón de raza, sexo, relixión, opinión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- k) A comunicarlle ó concello calquera anomalía, incidencia ou problema que poida xurdir, e con carácter inmediato no suposto de urxencia.
- l) A reverterlle ó concello, unha vez extinguido ou revogado o acordo de cesión, o uso dos espazos e bens obxecto da cesión no seu estado orixinario, salvo o desgaste sufrido polo uso.
- m) A permitirlle en todo momento ó concello o exercicio da facultade de seguimento e inspección en canto á vixilancia do cumprimento desta ordenanza, da normativa vixente e do acordo de cesión ou autorización de uso, facilitando o acceso ós diversos espazos e proporcionando a información e documentación que sexa requirida. En todo caso, o concello poderá acceder ó local co fin de evita-la produción dun dano inminente ou unha incomodidade grave.

Artigo 15. Réxime de control do cumprimento dos deberes.

Considéranse infraccións das entidades usuarias dos locais as seguintes:

- a) Ocupar edificios e locais municipais sen permiso do concello.
- b) Non manter diariamente limpo o local ou dependencia ocupados con autorización na forma establecida nesta ordenanza.
- c) Causar danos nos locais, instalacións, equipos e demais bens mobles que se encontren nos locais utilizados.
- d) Realizar reproducións de chaves de acceso ós edificios e locais utilizados sen autorización da Alcaldía.
- e) Non restituír as chaves de acceso a edificios e locais obxecto de utilización de forma inmediata ó seu desaloxo definitivo.
- f) Calquera outra infracción contraria a esta ordenanza.

Artigo 16. Infraccións

As infraccións poderán ser leves, graves ou moi graves.

Serán infraccións leves as establecidas nas letras b), e) e f) do artigo anterior.

Serán infraccións graves as establecidas nas letras c) e d) do artigo anterior.

Serán infraccións moi graves a establecida na letra a) do artigo anterior.

Artigo 17. Sancións

As infraccións serán sancionadas da seguinte forma:



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

- a) As leves, con multas de 100 a 300 euros.
- b) As graves, con multas de 301 a 500 euros.
- c) As moi graves, con multas de 501 a 1000 euros.

O órgano competente para impoñe-las ditas sancións será a Xunta de Goberno Local. Estas sancións serán independentes da indemnización de danos e perdas que proceda. As responsabilidades e sancións mencionadas anteriormente, en defecto de pagamento voluntario, executaranse pola vía de constrinximento, e, se é o caso, executando a fianza correspondente.

Artigo 18. Facultade inspectora

a) O concello poderá exercer en calquera momento a potestade de inspección daqueles locais cedidos. Se do seu exercicio se derivara a comprobación de incumprimentos moi graves ou graves por parte da entidade beneficiaria, poderá esixir o seu cumprimento ou revoga-la cesión ou autorización de uso.

b) O concello, tras petición xustificada por parte de entidades ou cidadáns, poderá, previo acordo coa asociación ou agrupación cesionaria, autorizar a utilización do local obxecto de cesión para actividades puntuais, sempre respectando as actividades programadas pola asociación ou colectivo beneficiarios do acordo de cesión de uso.

O prazo de autorización para actividades puntuais non superará o período dunha semana. A responsabilidade sobre o uso e conservación do local mentres dure a utilización temporal será dos que puntualmente contén coa dita autorización.

Artigo 19. Obrigacións do concello

O concello ten as seguintes obrigacións:

- a) As que se deriven desta ordenanza e da legalidade vixente.
- b) Conservar en óptimas condicións de salubridade e hixiene os espazos de uso común de cada centro.
- c) As reparacións e reposicións destinadas ó mantemento estrutural do edificio correspóndenlle ó concello, entendéndose por tal o que afecta á estrutura do edificio, ás súas fachadas e cubertas e ás acometidas exteriores de servizos, sempre que sexan causa do uso normal e ordinario do centro. Tamén os enganches de auga, luz, calefacción e gas.

Título V

Causas de extinción da cesión de uso

Artigo 20.

Os locais obxecto desta ordenanza cederanse por parte do concello mediante réxime de cesión en precario. O réxime de cesión en precario extinguirase por decisión motivada da Xunta de Goberno Local do concello, o cal reclamará con dous meses de antelación á entidade beneficiaria mediante o correspondente requirimento.

O acordo de cesión pode extinguirse:

- a) Por finalización do seu termo inicial ou as súas prórrogas.
- b) Por mutuo acordo entre as partes.
- c) Por renuncia da entidade ou por falta de utilización efectiva dos espazos cedidos.
- d) Pola realización permanente ou exclusiva de actividades, servizos ou outros non contemplados no acordo de cesión ou que contraveñan esta ordenanza, en especial, actividades económicas con lucro para particulares.
- e) Por disolución da entidade.
- f) Por necesidade suficientemente motivada de uso do local para a prestación doutros servizos públicos que o requiran.
- g) En todo caso, por reiteración dunha moi grave, de máis de dúas graves e seis leves de calquera das infraccións establecidas no artigo 15 desta ordenanza.

Artigo 21.

A extinción da cesión de uso por calquera das causas citadas non dará dereito á entidade ou asociacións afectadas a ningún tipo de indemnización ou compensación económica. Artigo 22. Unha vez resolto ou extinguido o acordo de cesión de uso, a asociación deberá reintegrarlle ó concello o uso do espazo e bens cedidos no prazo máximo de 15 días naturais. En caso contrario, será responsable dos danos e perdas que poida ocasionar a demora.

Disposición transitoria única

As entidades que previa á aprobación desta ordenanza viñeran utilizando locais, edificios ou instalacións municipais, que non sexa debido a necesidades puntuais ou transitorias, ou que non contén con autorización expresa co seu correspondente prego de condicións, deberán presentar solicitude de cesión de uso do local que estean utili-

zando, no prazo de 2 meses, contados dende a entrada en vigor desta ordenanza, seguíndose logo o procedemento establecido.

Esta ordenanza que contén 21 artigos e unha disposición transitoria única foi aprobada polo Pleno do Concello de Boimorto en sesión ordinaria de data 27/10/2011 e entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril e trala súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

Boimorto 24 de outubro de 2011

O Alcalde:

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez >>

Sinala a Alcaldía que houbo Asociacións que pediron este uso gratuíto e así a limpeza, coidado e mantemento correrá o seu cargo, pero poden pedir subvencións como asociacións para estes gastos.

Pregunta o concelleiro do grupo municipal do PP D. Antonio Costoya Duro se terán que pagar electricidade, resposta o Alcalde que si, se o uso vai ser habitual pola Asociación, di que o ano pasado o Concello tivo que pagar unha factura de 600€ nun local social e que isto non pode pasar e que é necesaria a regulación do uso dos locais municipais.

Sen máis intervencións, o Pleno municipal con 11 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Ratificar o contido íntegro do expediente para a aprobación da Ordenanza de cesión de uso de locais municipais ás asociacións cidadás e agrupacións veciñais do Concello de Boimorto, transcrito como anexo a esta proposta.

SEGUNDO.- Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comezarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste Concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

ANEXO

Ordenanza reguladora da cesión de uso de locais municipais a asociacións cidadás e agrupacións veciñais do Concello de Boimorto.

A participación cidadá é un dos eixes máis importantes da sociedade, que se debe traballar a través dunha política pública transversal, fomentando e instaurando mecanismos para promover o respecto e a profundación dos dereitos das persoas, que aumenten a intervención dos cidadáns, fortalezan a democracia e permitan mellorar a calidade de vida da cidadanía.

O elemento asociativo configúrase na actualidade como clave no proceso de construción dunha sociedade máis participativa e máis democrática e como factor esencial para o progreso social. Polo tanto, resulta necesaria a participación dos cidadáns, a través das entidades cidadás e aso-



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

ciacións para preservar a riqueza social e cultural da comunidade, ó mesmo tempo que tratar das cuestións que afecten aos distintos sectores sociais aos que representen.

É neste marco onde o Concello de Boimorto desprega a súa acción de fomento do tecido asociativo, intentando solucionar as necesidades das asociacións e agrupacións de veciños a través da autorización legal oportuna.

Preténdese, pois, promover a realización de actividades autoxestionadas de interese social, coa cesión voluntaria e gratuíta do uso de locais e equipamentos que sexan de titularidade municipal.

A presente normativa ten como finalidade regular e facilitarlles ás entidades sociais sen ánimo de lucro unha sede social ou un espazo, onde poidan desenvolver as súas actividades e conseguir os seus obxectivos, ao mesmo tempo que o dito espazo supoña un punto de encontro para os seus membros e de referencia para a cidadanía.

Tratándose de bens de titularidade municipal, susceptibles de seren utilizados por unha pluralidade de asociacións ou agrupacións deste termo municipal, correspóndelle ao concello a competencia exclusiva de decidir os que poderán ser os beneficiarios das cesións, atendendo a criterios obxectivos e de dispoñibilidade de espazo.

Correspóndenlle tamén ao concello as facultades de tutela, a cuxos efectos estableceranse as medidas e normas básicas de organización, sen detrimento da autonomía que as entidades que os ocupen nese momento poidan ter.

Título I

Obxecto da ordenanza

Artigo 1. Obxecto

1. Esta ordenanza ten por obxecto a fixación dos criterios e do procedemento xeral para seguir na cesión de uso dos locais municipais ás asociacións e agrupacións que o soliciten. Trátase da cesión de uso dun local realizada coa duración que o acordo estableza, con carácter gratuíto e a título de precario, sen que en ningún momento poida considerarse que esta constitúa dereito económico ou de alugueiro a favor de calquera das partes.

2. As cesións de uso proporcionaranlles ás entidades sociais un espazo onde desenvolver as súas actividades e cuxa finalidade será de utilidade pública ou de interese social que redunden en beneficio dos nosos veciños.

3. Quedan excluídas desta ordenanza as cesións temporais destinadas a satisfacer necesidades puntuais ou transitorias, as cales estarán reguladas pola autorización municipal oportuna, ou aqueles inmobles ou equipamentos que dispoñan doutra normativa específica.

Artigo 2. Espazos que se ceden

1. O Concello de Boimorto acordará a cesión, en precario, ás asociacións e agrupacións da localidade que o requiran e dentro das súas posibilidades, dos locais de titularidade municipal susceptibles de cesión de uso en todo ou en parte que non estean afectos ó servizo público.

Artigo 3. Entidades que poden acollerse a esta ordenanza

1. As asociacións constituídas legalmente ó abeiro da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, poderán solicitar a utilización dun local municipal para a realización de actividades propias do seu obxecto social; será condición indispensable que a asociación interesada non teña ánimo de lucro e que se atope inscrita no correspondente rexistro público.

Así mesmo poden solicitar a utilización dun local para a realización de actividades de interese xeral de índole social, cultural, ou deportivo, que redunden en beneficio da comunidade, as

agrupacións de veciños que non teñan ánimo de lucro, constituídas por un mínimo de catro membros.

2. Considérase que unha asociación ou agrupación non ten ánimo de lucro cando non desenvolva actividade económica ningunha ou, de desenvolvela, o froito desa actividade destínase única e exclusivamente ao cumprimento das finalidades de interese xeral establecidas nos seus estatutos, no caso de asociacións, ou á realización de actividades de interese para a comunidade no caso de agrupacións veciñais, sen repartición de beneficios, directos ou indirectos entre os seus membros.

3. En todo caso, o concello garantirá a prioridade de cesión ás entidades cuxo fin sexa favorecer a igualdade de oportunidades que favorezan a participación igualitaria entre mulleres e homes, non-discriminación, accesibilidade universal das persoas con discapacidade ou outros proxectos de intervención social.

4. Entre os criterios de adxudicación, ademais da finalidade de uso do espazo, teranse en conta tamén a utilización que se vai facer do espazo, (diaria, semanal, quincenal,), o número de beneficiarios potenciais do servizo, e outros que a criterio técnico se vexan necesarios.

Artigo 4. Solicitudes

As asociacións e agrupacións solicitarán ó concello, por escrito, a cesión dun local, achegando un proxecto anual de actividades e servizos, así como os horarios previsibles, que se desenvolverán no espazo para ceder.

A Alcaldía estudará cada solicitude e, en función da dispoñibilidade de locais, realizará un informe ó respecto, coa colaboración dos técnicos municipais, emitindo unha proposta na que se indicarán as condicións de uso, que deberá someterse á aprobación da Xunta de Goberno Local.

Artigo 5. Cesión

1. Estudada a solicitude, a Alcaldía proporalle á Xunta de Goberno Local a adopción dun acordo polo que se lle permita á entidade social interesada acceder ó uso dos inmobles ou equipamentos obxecto desta ordenanza, en función da natureza do ben, de conformidade co artigo 3.

2. O acordo de cesión de uso deberá expresar a finalidade concreta do destino dos bens e conterá os condicionamentos, limitacións e garantías que se estimen oportunos, cuxo incumprimento dará lugar á reversión do uso. Como norma xeral, a cesión de uso terá un carácter anual con prórrogas ata un máximo de 5 anos. Unha vez superado o dito período, poderá volveuse a conceder a cesión de uso se non variaron as condicións polas que o colectivo accedeu a el, pero revisaranse as condicións de cesión.

3. O acordo de cesión pode referirse tamén a outros extremos que afecten á colaboración entre o concello e a entidade beneficiaria.

4. O concello non dirixe nin presta conformidade ás actividades para realizar nos locais cedidos. As asociacións non teñen ningunha relación de dependencia co concello, que non se fai responsable nin directa nin subsidiariamente dos danos materiais, persoais ou morais que poidan producirse dentro do local.

Artigo 6. Obrigacións

1. A asociación ou agrupación beneficiaria dunha cesión de uso está obrigada a cumprir as disposicións e normas desta ordenanza, así como as que figuren no acordo da Xunta de Goberno Local.

2. Inmediatamente á adopción do acordo de cesión, a entidade beneficiaria disporá dun mes para confirmar o proxecto de actividades e servizos para o ano en que a Xunta de Goberno Local tomou o acordo.

Título II

Das normas xerais de uso de locais



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Artigo 7. Usos

1. Os espazos cedidos para uso exclusivo poderán ser utilizados pola entidade beneficiaria para aquelas funcións ou actividades que lle sexan propias. O acordo de cesión ou a autorización de uso poderán regular máis amplamente esta materia naqueles puntos que se estimen oportunos.
2. Un local pode ser cedido a unha soa entidade individualizadamente ou a varias, de maneira que poidan usalo de forma compartida.
3. Calquera outra utilización diferente ás anteriores deberá ser autorizada polo concello.

Artigo 8. Mantemento

1. As asociacións e agrupacións estarán obrigadas á conservación dilixente dos espazos de uso exclusivo e de uso común, e, en xeral, de todo o inmovible, como tamén do mobiliario, respondendo dos danos que poidan ocasionar os seus membros e usuarios, ben por acción ou por omisión, efectuando de forma inmediata e ó seu cargo, previa autorización do concello, as reparacións necesarias. Este apartado non se aplicará no caso de que as deterioracións lle sobreveñan ó local polo só efecto do uso e sen culpa da entidade beneficiaria ou polo acaecemento dun dano fortuíto.
2. Corresponderá á entidade beneficiaria o mantemento e as reparacións dos bens mobles incluídos na cesión. Velarán pola limpeza e a orde. Despois de cada período diario de uso procederán á súa limpeza e ordenación do mobiliario e elementos interiores.
3. Nos locais cedidos para uso individualizado para unha soa asociación ou agrupación, esta deberá facerse cargo do aboamento das subministracións necesarias para a súa actividade en canto á electricidade, auga, gas, calefacción e limpeza. A alta e aboamento do teléfono fixo, se é o caso, correrá a cargo da asociación correspondente, así como a tramitación dos permisos necesarios.
4. Nos locais de uso compartido, o concello será o encargado de prover estas subministracións, buscándose fórmulas para que cada entidade aboe a parte correspondente ó seu consumo. A limpeza nestes locais compartidos correrá a cargo das asociacións velando pola orde e limpeza, co fin de que podan ser utilizados por outras asociacións ou agrupacións.
5. Unha vez concedido o uso facilitaráselles ós interesados as chaves correspondentes para a apertura e peche dos locais, os que serán responsables da súa custodia e adecuado uso. Absterase de realizar reproducións desta, agás que a Alcaldía o autorice expresamente. En caso de copias, todas serán devoltas ó concello ó termo do período de uso dos edificios e locais.
6. A asociación ou agrupación virá obrigada a cesar temporalmente na súa actividade no local cando fora requirida polo concello, naqueles supostos que se considere necesario para a realización de actos municipais, ou aqueles que lle veñan impostos e sexan de inescusable cumprimento. Nese caso, a asociación deberá deixa-lo local perfectamente ordenado e sen elementos que dificulten a realización da actividade municipal, dentro do prazo que se indique na comunicación que para o efecto se remitirá dende o concello.

Artigo 9. Horarios

1. Uso individualizado. As entidades beneficiarias dun local de uso individualizado poderán fixar libremente o horario de apertura e peche, sempre que sexa compatible coa normativa vixente. Non obstante, no acordo de cesión adoptado pola Xunta de Goberno Local poderán delimitarse outro horario de apertura diferente en atención ás actividades que xustifican a cesión á asociación ou colectivo.

2. Uso compartido.

- a) Cando o espazo de uso cedido sexa compartido por diversas entidades, os respectivos acordos de cesión contemplarán os días e horario en que poderán ser utilizados por cada unha delas.
- b) Cando se trate de centros abertos ó público en xeral, o concello fixará libremente o horario de apertura ó público.

c)Cando o horario de utilización asignado a cada entidade non coincidira co de apertura ó público, estas poderán facer uso do espazo cedido, pero deberán pechar o acceso ó centro á chegada e saída deste.

d)Para distribuír os días e horarios nos que se poderán utiliza-los equipamentos, será necesario a consulta previa de tódalas asociacións afectadas.

Artigo 10. Espazos comúns

En aqueles locais compartidos por varias entidades, corresponde ó concello establecer cales son os espazos de uso común de cada centro e a finalidade e o uso que se pode facer destes.

Artigo 11. Actividades non permitidas

No interior do local cedido e dentro do respecto á autonomía da asociación, non se poderán realizar actividades que contraveñan os principios de igualdade das persoas, polo que se prohíbe a realización de calquera acto de carácter violento ou que atente contra a dignidade persoal ou discrimine a individuos ou grupos por razón de raza, sexo, relixión, opinión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Queda prohibida a utilización dos espazos cedidos mediante estes acordos de cesión para a realización de actividades económicas que non se contemplen nos estatutos, no caso de asociacións, ou no proxecto de actividades, no caso de agrupacións veciñais, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas, e tendo en conta en todo caso o disposto no artigo tres desta ordenanza.

Non se poderán almacenar papeis, cartóns nin material inflamable que poida poñer en perigo a seguridade dos usuarios.

Artigo 12. Obras

1.As entidades beneficiarias non poderán realizar no espazo cedido para o seu uso exclusivo, nin nos bens mobles nin, en xeral, en todo o inmovible, ningún tipo de obra ou actuación sen a expresa autorización previa do concello.

2.As obras ou actuacións quedarán en beneficio do ben inmovible, sen dereito a percibir ningún tipo de indemnización ou compensación económica pola súa realización.

3.En caso de contravi-lo disposto no apartado 1 deste artigo, o concello poderá revoga-lo acordo de cesión de uso do local á dita asociación ou tamén poderá ordenar que se restituía o ben ó seu estado orixinal, sen dereito a indemnización ou compensación económica. En caso de non facelo, o concello poderá executar subsidiariamente as obras de restitución, estando obrigada a entidade a paga-lo custo. Se a restitución fora imposible sen o menoscabo do ben, o causante estará obrigado a indemnizar polos prexuízos ocasionados.

Artigo 13. Responsabilidade civil

1.Cada entidade será responsable directa dos danos e perdas ocasionados a terceiros nos espazos cedidos causados polos seus membros e usuarios, ben por acción ou por omisión, dolo ou negligencia, tendo a condición de terceiro o propio concello.

2.O concello poderá esixir unha fianza en calquera das formas legalmente permitidas. A fianza responderá do cumprimento das obrigacións do bo uso e restitución dos edificios e locais e instalacións municipais á situación anterior ó momento da cesión. Así mesmo, garantirá a indemnización dos danos e perdas cando deban responde-los usuarios dos que efectivamente se produzan nos edificios, locais e instalacións cedidos. Tamén responderán do pagamento das sancións que poidan imponse en virtude da aplicación desta ordenanza. A contía do importe da fianza será determinada pola Xunta de Goberno Local, con base na normativa aplicable.

3.Así mesmo, o concello poderá esixirlles ás entidades beneficiarias a contratación dunha póliza de seguro por todo o tempo que dure a cesión, que cubra tanto os bens que deposite nos locais



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

fronte ós riscos de roubos, incendios, etc., como a responsabilidade civil por danos e perdas que os usuarios poidan causar a terceiros.

Título III

Deberes das asociacións e entidades. Control do cumprimento

Artigo 14. Deberes das asociacións e entidades

Todas as entidades cidadás e asociacións cumprirán as normas xerais contidas nesta ordenanza, e, en concreto:

- a) Respetar os horarios de utilización establecidos no acordo de cesión ou aqueles outros que lle autorice o concello.
- b) A destinar o espazo cedido ás finalidades propias da entidade, realizando o seu programa de actividades, como tamén ó que establece o acordo de cesión ou poida autoriza-lo concello.
- c) A non realizar en ningún centro ningún tipo de publicidade mercantil de terceiros, salvo con autorización municipal. Entenderase por publicidade toda forma de comunicación que teña por obxecto favorecer ou promover de forma directa ou indirecta a compravenda ou contratación de servizos e/ou bens mobles.
- d) A respectar os espazos asignados e a outras entidades ou asociacións que compartan o centro, sen interferir no normal desenvolvemento das súas actividades.
- e) A respectar a finalidade e destino dos espazos de uso común.
- f) A non causar molestias ós veciños nin perturbar a tranquilidade da zona durante os horarios de utilización, adoptando as medidas oportunas establecidas na normativa vixente.
- g) A conservar os espazos asignados para o seu uso en óptimas condicións de salubridade e hixiene.
- h) A custodiar as chaves do centro e a pechalo cando sexa a última entidade en usalo, salvo que o acordo de cesión dispoña outra cosa. Ó mesmo tempo velarán polo bo uso dos espazos cedidos, exercendo a vixilancia e o control dos usuarios.
- i) A non ceder a terceiros, nin total nin parcialmente, sexa ou non membro da entidade, o uso do espazo que se lle asignara.
- j) Cando se trate de centros abertos ó público, a non impedir entrada, dentro do horario de funcionamento, a ningunha persoa por razón de raza, sexo, relixión, opinión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- k) A comunicarlle ó concello calquera anomalía, incidencia ou problema que poida xurdir, e con carácter inmediato no suposto de urxencia.
- l) A reverterlle ó concello, unha vez extinguido ou revogado o acordo de cesión, o uso dos espazos e bens obxecto da cesión no seu estado orixinario, salvo o desgaste sufrido polo uso.
- m) A permitirlle en todo momento ó concello o exercicio da facultade de seguimento e inspección en canto á vixilancia do cumprimento desta ordenanza, da normativa vixente e do acordo de cesión ou autorización de uso, facilitando o acceso ós diversos espazos e proporcionando a información e documentación que sexa requirida. En todo caso, o concello poderá acceder ó local co fin de evita-la produción dun dano inminente ou unha incomodidade grave.

Artigo 15. Réxime de control do cumprimento dos deberes.

Considéranse infraccións das entidades usuarias dos locais as seguintes:

- a) Ocupar edificios e locais municipais sen permiso do concello.
- b) Non manter diariamente limpo o local ou dependencia ocupados con autorización na forma establecida nesta ordenanza.
- c) Causar danos nos locais, instalacións, equipos e demais bens mobles que se encontren nos locais utilizados.

d) Realizar reproducións de chaves de acceso ós edificios e locais utilizados sen autorización da Alcaldía.

e) Non restituír as chaves de acceso a edificios e locais obxecto de utilización de forma inmediata ó seu desaloxo definitivo.

f) Calquera outra infracción contraria a esta ordenanza.

Artigo 16. Infraccións

As infraccións poderán ser leves, graves ou moi graves.

Serán infraccións leves as establecidas nas letras b), e) e f) do artigo anterior.

Serán infraccións graves as establecidas nas letras c) e d) do artigo anterior.

Serán infraccións moi graves a establecida na letra a) do artigo anterior.

Artigo 17. Sancións

As infraccións serán sancionadas da seguinte forma:

a) As leves, con multas de 100 a 300 euros.

b) As graves, con multas de 301 a 500 euros.

c) As moi graves, con multas de 501 a 1000 euros.

O órgano competente para impoñer-las ditas sancións será a Xunta de Goberno Local. Estas sancións serán independentes da indemnización de danos e perdas que proceda. As responsabilidades e sancións mencionadas anteriormente, en defecto de pagamento voluntario, executaranse pola vía de constrinximento, e, se é o caso, executando a fianza correspondente.

Artigo 18. Facultade inspectora

a) O concello poderá exercer en calquera momento a potestade de inspección daqueles locais cedidos. Se do seu exercicio se derivara a comprobación de incumprimentos moi graves ou graves por parte da entidade beneficiaria, poderá esixir o seu cumprimento ou revogar a cesión ou autorización de uso.

b) O concello, tras petición xustificada por parte de entidades ou cidadáns, poderá, previo acordo coa asociación ou agrupación cesionaria, autorizar a utilización do local obxecto de cesión para actividades puntuais, sempre respectando as actividades programadas pola asociación ou colectivo beneficiarios do acordo de cesión de uso.

O prazo de autorización para actividades puntuais non superará o período dunha semana. A responsabilidade sobre o uso e conservación do local mentres dure a utilización temporal será dos que puntualmente contén coa dita autorización.

Artigo 19. Obrigacións do concello

O concello ten as seguintes obrigacións:

a) As que se deriven desta ordenanza e da legalidade vixente.

b) Conservar en óptimas condicións de salubridade e hixiene os espazos de uso común de cada centro.

c) As reparacións e reposicións destinadas ó mantemento estrutural do edificio correspóndenlle ó concello, entendéndose por tal o que afecta á estrutura do edificio, ás súas fachadas e cubertas e ás acometidas exteriores de servizos, sempre que sexan causa do uso normal e ordinario do centro. Tamén os enganches de auga, luz, calefacción e gas.

Título V

Causas de extinción da cesión de uso

Artigo 20.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Os locais obxecto desta ordenanza cederanse por parte do concello mediante réxime de cesión en precario. O réxime de cesión en precario extinguirase por decisión motivada da Xunta de Goberno Local do concello, o cal reclamará con dous meses de antelación á entidade beneficiaria mediante o correspondente requirimento.

O acordo de cesión pode extinguirse:

- a) Por finalización do seu termo inicial ou as súas prórrogas.
- b) Por mutuo acordo entre as partes.
- c) Por renuncia da entidade ou por falta de utilización efectiva dos espazos cedidos.
- d) Pola realización permanente ou exclusiva de actividades, servizos ou outros non contemplados no acordo de cesión ou que contraveñan esta ordenanza, en especial, actividades económicas con lucro para particulares.
- e) Por disolución da entidade.
- f) Por necesidade suficientemente motivada de uso do local para a prestación doutros servizos públicos que o requiran.
- g) En todo caso, por reiteración dunha moi grave, de máis de dúas graves e seis leves de calquera das infraccións establecidas no artigo 15 desta ordenanza.

Artigo 21.

A extinción da cesión de uso por calquera das causas citadas non dará dereito á entidade ou asociacións afectadas a ningún tipo de indemnización ou compensación económica. Artigo 22. Unha vez resolto ou extinguido o acordo de cesión de uso, a asociación deberá reintegrarlle ó concello o uso do espazo e bens cedidos no prazo máximo de 15 días naturais. En caso contrario, será responsable dos danos e perdas que poida ocasionar a demora.

Disposición transitoria única

As entidades que previa á aprobación desta ordenanza viñeran utilizando locais, edificios ou instalacións municipais, que non sexa debido a necesidades puntuais ou transitorias, ou que non contén con autorización expresa co seu correspondente prego de condicións, deberán presentar solicitude de cesión de uso do local que estean utilizando, no prazo de 2 meses, contados dende a entrada en vigor desta ordenanza, seguíndose logo o procedemento establecido.

Esta ordenanza que contén 21 artigos e unha disposición transitoria única foi aprobada polo Pleno do Concello de Boimorto en sesión ordinaria de data 27/10/2011 e entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril e trala súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

5.- PROPOSTA ACTUALIZACIÓN INVENTARIO DE BENS

Pola Secretaria dáse lectura a proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente

<<PROPOSTA DE ACORDO INCLUSIÓN DE OBRAS E SUBMINISTROS NO INVENTARIO DE BENS PLENO ORDINARIO DE DATA 27/10/2011

Visto que foron contratadas as seguintes obras subvencionadas pola Excm. Deputación Provincial:

- Reparación de muro en rúa Campo de la Iglesia de Santiago (Boimorto).
- Acondicionamiento del acceso a la Iglesia de S. Vicente de Arceo (Concello de Boimorto)
- Enerxía trifásica en lavandería e adecuación de fontanería en locais húmedos da miniresidencia de Boimorto.

- Mellora do drenaxe e céspede do campo de fútbol Francisco Javier Álvarez Maristany de Boimorto.
- Mellora do camiño do Campo de Lanza e outros (Parroquias dos Ánxeles e Dormeá)

Visto que foi contratado o seguinte subministro subvencionada pola Excma. Deputación Provincial:

- Mobiliario da miniresidencia e centro de día.

Considerando que non existe inventario actualizado de bens no Concello de Boimorto, propono que o Pleno adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Incluír no inventario de bens as obras que se relacionan deseguido, quedando afectadas á finalidade pública alomenos durante o prazo de cinco anos ao servizo que se indica a continuación de cada obra:

- Reparación de muro en rúa Campo de la Iglesia de Santiago (Boimorto), finalidade pública uso público local.
- Acondicionamiento del acceso a la Iglesia de S. Vicente de Arceo (Concello de Boimorto), finalidade pública uso público local.
- Enerxía trifásica en lavandería e adecuación de fontanería en locais húmedos da miniresidencia de Boimorto, servizo público prestación de servizos sociais.
- Mellora do drenaxe e céspede do campo de fútbol Francisco Javier Álvarez Maristany de Boimorto, prestación servizo público de deportes.
- Mellora do camiño do Campo de Lanza e outros (Parroquias dos Ánxeles e Dormeá), finalidade pública uso público local.

SEGUNDO.- Incluír no inventario de bens o subministro “Mobiliario da miniresidencia e centro de día”, quedando afectado á finalidade pública alomenos durante o prazo de cinco anos ao servizo público de servizos sociais da miniresidencia e centro de día.

TERCEIRO.- Comunicar á Deputación Provincial o presente acordo.

Boimorto, 20 de outubro de 2011
O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez >>

Sen máis intervencións, o Pleno municipal con 11 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Incluír no inventario de bens as obras que se relacionan deseguido, quedando afectadas á finalidade pública alomenos durante o prazo de cinco anos ao servizo que se indica a continuación de cada obra:

- Reparación de muro en rúa Campo de la Iglesia de Santiago (Boimorto), finalidade pública uso público local.
- Acondicionamiento del acceso a la Iglesia de S. Vicente de Arceo (Concello de Boimorto), finalidade pública uso público local.
- Enerxía trifásica en lavandería e adecuación de fontanería en locais húmedos da miniresidencia de Boimorto, servizo público prestación de servizos sociais.
- Mellora do drenaxe e céspede do campo de fútbol Francisco Javier Álvarez Maristany de Boimorto, prestación servizo público de deportes.
- Mellora do camiño do Campo de Lanza e outros (Parroquias dos Ánxeles e Dormeá), finalidade pública uso público local.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

SEGUNDO.- Incluír no inventario de bens o subministro “Mobiliario da miniresidencia e centro de día”, quedando afectado á finalidade pública alomenos durante o prazo de cinco anos ao servizo público de servizos sociais da miniresidencia e centro de día.

TERCEIRO.- Comunicar á Deputación Provincial o presente acordo.

6.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; dáse conta aos concelleiros das Resolucións da alcaldía-presidencia ditadas entre os días; 27/09/2011 a 24/10/2011, ás que lles corresponden os números 313 a 356.

Pregunta a Alcaldía se algún grupo municipal ten mocións que presentar, a Alcaldía sinala que o seu grupo si ten unha moción urxente para o Pleno, solicitando a votación da súa urxencia na necesidade de levantamento do reparo suspensivo da intervención e convalidación da aprobación do gasto para non perder a subvención de adquisición de cisterna municipal Aceptada a urxencia con 11 votos a favor, e dicir, por unanimidade con 5 votos do grupo municipal do PsdG PSOE; 5 votos do grupo municipal do PP e un voto do grupo mixto, expónse a moción tal e como segue:

MOCIÓN LEVANTAMENTO DE REPARO SUSPENSIVO DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN EN RELACIÓN A FACTURA DE ADQUISICIÓN DE CISTERNA POR 10.300€

Tramitado expediente de modificación de créditos suplemento de crédito aprobado en sesión extraordinaria do Pleno municipal de data 12/09/2011 para facer fronte a aportación municipal para a adquisición de cisterna subvencionada pola Xunta de Galicia e realizado o pago da factura con reparo suspensivo de intervención, en data 13/09/2011, por non estar en vigor aínda o crédito orzamentario dotado para a aportación municipal.

Non existindo proposta desta Alcaldía, na orde do día relacionada con este asunto e fundamentando a urxencia do levantamento do reparo e convalidación do pago realizado por esta Alcaldía á vista da autorización do Pleno no marco da modificación de crédito suplemento aprobado en sesión de data 12/09/2011.

En uso das facultades outorgadas pola lexislación vixente, en aplicación do artigo 91.3, así como, 93.3 do ROF aprobado por Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, PROPOÑO que o Pleno municipal acepte en primeiro lugar a urxencia da moción permitindo o debate, e se adopte o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo de secretaría-intervención de data 13/09/2011, relacionado con factura de adquisición de cisterna por 10.300€ nº 627 de data 10/08/2011

SEGUNDO.- Certificación deste acordo se remita aos servizos administrativos e contabeis aos efectos oportunos.

Boimorto, 24 de outubro de 2011

O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>>

Sinala o Alcalde que o Pleno autorizouno a facer o pago antes da entrada en vigor da modificación orzamentaria tramitada para a parte de aportación municipal ante o Pleno e que se fíxo o pago para non perder a subvención.

Sen máis intervencións, por unanimidade con 11 votos a favor 5 votos do grupo municipal do PsdG PSOE; 5 votos do grupo municipal do PP e un voto do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo de secretaría-intervención de data 13/09/2011 relacionado con factura de adquisición de cisterna por 10.300€ nº 627 de data 10/08/2011

SEGUNDO.- Certificación deste acordo, remítase aos servizos administrativos e contabeis aos efectos oportunos.

A continuación, o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas Cruz sinala que ten unha moción relacionada coa reclamación de mantemento nos orzamentos da Xunta de Galicia de dotacións para que non desapareza o programa de prescolar na casa, xustifica a urxencia e que se teña en conta a reclamación nos orzamentos para o seguinte ano da Xunta de Galicia.

Por 11 votos a favor votos do grupo municipal do PsdG PSOE; 5 votos do grupo municipal do PP e un voto do grupo mixto aceptouse a urxencia e expponse polo concelleiro do grupo mixto a moción tal e como segue:

“Someto á consideración deste Pleno municipal a urxencia desta moción porque considero que o contido, de ser aprobada, ten relación cos presupostos da Xunta de Galicia para o vindeiro ano e o noso próximo Pleno Ordinario celebrárase en decembro.

MOCIÓN

O Programa Preescolar na Casa, que atendía no ano pasado a máis de 4.000 familias está en perigo de morte.

Eran 61 mestres en plantilla dunha Fundación Privada sen ánimo de lucro e de Interese Galego que nace como iniciativa de Cáritas de Galicia no ano 1977 para cubrir un baleiro que existía na educación de cero a tres anos e preescolar principalmente no medio rural non contemplada nin asumida pola administración educativa.

Preescolar na Casa non atende, estimula e forma soamente ós rapazucos en idades tenras senón que se fan estas tres funcións tamén cos pais-nais co que se acada un dos vellos soños da educación: *a escola de pais.*

O programa Preescolar na Casa chega así mesmo a colectivos marxinais e desprotexidos coma drogadicto, inmigrantes, familias en risco de exclusión, prisión de Teixeiro, asociacións de nais prostitutas e doentes mentais...

O seu labor desenvólvese maioritariamente no medio rural, tan necesitado deste traballo, polo que concellos coma o noso veríanse seriamente danados en caso de desaparecer o citado programa.

Desde o seu nacemento no ano 77 foi incrementando o seu radio de acción e foi asumido o seu labor polas distintas administracións autonómicas por medio de axudas en persoal funcionario e asignacións económicas.

Actualmente goza dun enorme prestixio nos foros de educación, tanto do Estado coma europeos, pola modernidade dos seus programas e bo facer que leva aseren respectados en tódolos ámbitos educativos, sendo referente nos estudos máis serios que actualmente se fan sobre a educación de 0-3 anos e escolas de pais.

Xusto agora, a cinco anos de que o Comité de Ministros do Consello de Europa acordase unha recomendación ós estados membros para que *...tomen tódalas medidas lexislativas, administrativas, financeiras e doutro carácter...* para promover o exercicio positivo da parentalidade, a Administración Autonómica Galega nos orzamentos deste ano en que estamos corta as subvencións que viña dando para que este servizo **esencial** funcionase e déixao en risco evidente de desaparición.

Por todo isto este concelleiro pide á Corporación Municipal de Boimorto que se pronuncie e acorde elevar ó sr. Presidente da Xunta de Galicia a petición de que faga os posibles para non só manter este Programa de Preescolar na Casa senón para que se xeneralice en toda a Comunidade Galega, o cal redundaría nun evidente beneficio e servizo á calidade da educación na nosa Comunidade.

Boimorto, 27 de outubro de 2.011.”



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Sen máis intervencións, por unanimidade con 11 votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG PSOE; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

UNICO .- Elevar ó sr. Presidente da Xunta de Galicia a petición de que faga os posibles para non só manter este Programa de Preescolar na Casa senón para que se xeneralice en toda a Comunidade Galega, o cal redundaría nun evidente beneficio e servizo á calidade da educación na nosa Comunidade.

7.- ROGOS E PREGUNTAS

O Alcalde dálle a palabra o concelleiro do grupo mixto, D. Xosé Luis Rivas que pregunta polo procedemento de adxudicación da praza de condutor para o transporte da Miniresidencia e Centro de día, sinalando que quedou sorprendido polo rápido nomeamento, de non estar redactadas as bases a darse inmediatamente a selección, si que non se dixo toda a verdade sobre este proceso e que non é un transporte rentable se tan so vai para Miniresidencia.

Di que transmitiulle Xoán, con explotación de porcos, que pediu un contenedor e non se foi e pide tamén a adecuación desa pista.

Pregunta se había un proxecto de alcantarillado para Outeiro, Viladoniga e Pedral .

Roga explicacións sobre retrasos na resolución de litixios sobre denuncias de incumprimento de distancias das plantacións.

O Alcalde dálle a palabra o concelleiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro que solicita aclaracións sobre rentabilidade do autobús para a Miniresidencia vistos os custes de Autos Rico no 2010.

O Alcalde dálle a palabra á concelleira do grupo municipal do PP D^a María Jesús Novo Gómez, que di que o custe mensual de Autos Rico e de 1250 € mes e pode superarse co salario do condutor, seguro do coche... pregunta se nos procesos de selección se comproba que os cursos presentados están homologados .

Contesta a continuación a Alcaldía a estas intervencións sinalando:

En relación coa praza de condutor do autobús, di que foi subvencionado, o autobús, baixo a condición de crear unha praza de traballo que non se tivo resolución de outorgamento da subvención ata o día 20 aproximadamente do mes de setembro, tendo que realizar a compra antes do 30, polo que non se podían publicar bases antes destas datas e que se fixo todo o máis rápido posible unha vez obtida a subvención para poder xustificar, di que pronto se fan unhas bases de selección de persoal laboral temporal por concurso onde se valoran méritos entre eles e tempo traballado, o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas di que a valoración deste mérito e excesiva, resposta o Alcalde que os aspirantes non impugnaron as bases, presentáronse e despois protestan se non saen , o concelleiro do grupo mixto di que como político pode criticar, resposta o Alcalde que non dúbida disto , di o concelleiro D. Xosé Luis Rivas que canta moito este proceso selectivo, di o Alcalde que acudiron o Inem e dende alí enviaron candidatos en paro ou para mellora de emprego, o concelleiro do grupo municipal mixto di que o que saliu coa praza foi dous días antes o Inem a levar a documentación e pregunta cando se fixo a solicitude de mellora de emprego, di o Alcalde que non sabe a fecha certa, finaliza o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas dicindo que é legal pero non e moral o feito e que se entenda ben que chove sobre mollado, reposta o Alcalde que pretende crear postos de traballo e rentabilizar os servizos que pasou moita xente polo Concello e déronse moitas oportunidades de traballo.

O concelleiro do grupo mixto di que a súa obriga é velar pola transparencia no funcionamento do Concello, pregúntalle o Alcalde se quere falar dos que se presentaron o proceso

selectivo, resposta o concelleiro que non, e dille o Alcalde que era necesario valorar a experiencia, rematando o concelleiro D. Xosé Luis Rivas aclarando que o que denuncia e que as prazas estean dadas, e que dubida da rentabilidade dese transporte que foi dado para un tipo de servizo

Resposta o Alcalde que choca que neste momento se poña en dúbida e se defenda a empresa privada, que a lei non se opón a este tipo de servizo dende o Concello e xa se acudiu á Consellería e o Ministerio para que aclare a normativa aplicable a este tipo de transporte que pretende prestar o servizo fóra do noso termo municipal .

O Alcalde dálle a palabra á concelleira do grupo municipal do PP D^a M^a Jesús Novo que di que hai un compromiso de que só será transporte para a Miniresidencia e Centro de día, resposta o Alcalde que ten que saber que se presentou a solicitude para obter unha subvención que non conseguiron outros concellos e buscando a lúea de transporte para obter ata un 95% da subvención que financia o coche para Miniresidencia Centro de día e Centro social de maiores que deixará de pagarse este servizo .

Di a concelleira D^a M^a Jesús Novo que ten toda a información e que nunca o seu grupo se opuxo a un novo servizo para Boimorto pero ten que ser rentable, reposta o Alcalde que vai ser unha referencia este servizo e que o que doe e que a empresa que prestaba o servizo deixara de facelo, resposta a concelleira D^a M^a Jesús Novo que de parte da empresa o servizo foi subvencionado por dalo moito mais barato para ben dos veciños .

Remata o Alcalde sinalando que agradece a dispoñibilidade do servizo que non se fixo isto para fastidiar á empresa senón para obter unha subvención e crear un posto de traballo .

En relación o contenedor de Xoán e amaño do camiño que si o pediu e lamenta a deixadez e que o camiño tivo inversión xa o ano pasado .

En relación o saneamento, di que o proxecto de Saneamento en Outeiro está presentado en augas de Galicia e de momento nada, pretendendo obter unha subvención ó 100%, pregunta o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas se está frenado por informe de augas, di o Alcalde que non, que está na Consellería e xa se fixeron xestións con xente para poder no seu momento adquirir fincas para depuradora.

En relación co problema das plantacións di que non hai medios para inspeccionar diariamente nin executar retiradas ou talas de plantacións ilegais, en cumprimento da lei contra incendios 3/2007, o concelleiro do grupo municipal do PP D. Jesús Modia Serán manifesta a protesta pola situación da denuncia do seu expediente.

En relación a se os cursos dos procesos selectivos que se piden deben ser homologados dálle a palabra o Alcalde á Secretaria, que di que depende das bases e da formación esixida para o acceso ás prazas ó que se contemple a necesidade ou non de homologación.

Con relación ós trámites levados a cabo no Concello en relación coa retirada de plantacións denunciadas polo concelleiro do grupo municipal do PP, D. Jesús Modia Serén sinala ó Alcalde os seguintes trámites no expediente :

Expediente de denuncia presentada por D. Jesús Modia Serén por plantación de eucaliptos próxima a súa vivenda na parroquia de Ánxeles.

- En data 15/06/2009 nº rex.entrada 714 neste Concello D. Jesús Modia Serén presenta solicitude limpeza finca corta por risco caída eucaliptos finca 343 pol. 506 Ánxeles ao seu propietario
- 29/09/2009 :Informe técnico-urbanístico no que se sinala que se deberá requerir ao propietario da finca, en base a Lei 9/2002, na lei 3/2007 e no Plan de Prevención e defensa contra os incendios forestais do Distrito III: Santiago-Meseta Interior, para que proceda a súa limpeza, tala de árbores das especies sinaladas na disposición adicional 3^a da lei (sitas a menos de 50m da vivenda e zona dominio público estrada AC 840)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

- 08/07/2009 Decreto de Alcaldía 205/2009 de orde execución tala e limpeza da finca 344 polígono 506 dos Ánxeles
- 09/07/2011 Notificación Decreto 205/2009 á Jose Manuel Miras García (prazo audiencia)
- 30/11/2009: Informe técnico-urbanístico de personándose o 23/011/2009 o técnico no lugar comprobouse que non se fixo a tala de árbores nin limpeza da finca.
- 15/12/2009 Certificado de secretaria de que non se presentou ningunha alegación no prazo de audiencia por parte de D. Jose Manuel Miras García
- 15/12/2009 Decreto de Alcaldía 366/2009 de requirimento de cumprimento da orde de execución D 205/2009, advertencia e execución forzosa.
- 16/12/2009 Notificación Decreto 366/2009 á Jose Manuel Miras García
- 24/12/2009 nº rex. Entrada Concello 1852: Jose Manuel Miras García presenta recurso de reposición.
- 24/12/2009 nº rex. Entrada Concello 1853: Jose Manuel Miras García solicitando informe sobre a parcela e vivenda de Jesus Modia Serén.
- 18/05/2010 Informe técnico-urbanístico da finca 343 polig. 2 de Ánxeles está clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural (Igrexa-Quintas) coa categoría de expansión de núcleo, atopándose a prcela obxecto do informe dentro dun núcleo poboacional.
- 18/05/2010 Informe de Secretaría en relación co recurso de reposición presentado con rex. Entrada 1852 de 24/12/2009 de fundamentación de desestimación do recurso.
- 18/05/2010: Decreto de Alcaldía nº 109/2010 de resolución de recurso de reposición contra Decreto 366/2009 e orde de execución da resolución.
- 26/06/2010 nº rex. Saída 1276 envíaselle certificación de Decreto 109/2010 á Jesús Modia Serén
- 26/06/2010 nº rex. Saída 1280 notificación Decreto 109/2010 á Jose Manuel Miras García.
- Xunta Goberno Local 30/09/2010 acordo de proceder a execución subsidiaria tala e limpeza da finca
- 02/11/2010 Notificación acordo XGL 30/09/2011 a Maderas Manuel Senin
- 02/11/2010 Notificación acordo XGL 30/09/2011 a Maderas Aguión
- 02/11/2010 Notificación acordo XGL 30/09/2011 a Maderas Carril
- 16/11/2010 Maderas Aguión SC presenta renuncia a participar na oferta
- 02/12/2010 Maderas Senin SL presenta renuncia a participar na oferta
- 22/12/2010 Jesus Modia Seren solicita expediente e toda documentación que se xerou da súa solicitude con rexistro entrada 1483 de 15/06/2009.
- 03/02/2011 nº rex. Entrada 144 da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural que remite denuncia formulada por Jesús Modia Seren solicitando inspección e levantamento de acta polo Concello, efectuar nova inspección e remitir copia das actuacións practicadas por parte do Concello
- 04/03/2011 Jesus Modia Seren retira copia cotexada do expediente.
- 09/03/2011 Informe técnico-urbanístico con fotografías: persoándose ese mesmo día, de comprobación de tala de parte das árbores, deixando as sitas máis próximas a vivenda do denunciante, que son as que incumpren a Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais.
- 21/03/2011 nº rex. Entrada 361 solicitude de Jesus Modia Seren expoñendo de que na inca 345 polígono 506 Anxeles se esta a levar a cabo labores de plantación e de que se comprobe se se cumpre a normativa vixente en materia de plantación, as recollidas no Decreto 109/2010 deste Concello.

- 23/03/2011 Informe técnico-urbanístico, personado ese mesmo día, comprobándose que se están realizando as labores previas a unha plantación, a parcela está clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección forestal e solo rústico de infraestruturas, estando entre os usos permitidos as plantacións, pero no primeiro caso debe solicitar autorización ao concello (art. 41.2 PXOM) e no segundo caso atópase na zona de afección da estrada AC840 debendo solicitar autorización previa ao Servizo de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
- 23/03/2011 rex. Saída 795 copia actuacións practicadas á Delegación provincial da Consellería do Medio Rural pedindo colaboración.
- 01/04/2011 rex. Saída 854 copia escrito presentado Jesus Modia, informe técnico para unir ao resto da documentación enviada.
- 12/04/2011 rex. Entrada 468 de Jesus Modia Seren solicitando que se comprobe o cumprimento da normativa municipal e demanda de novo a execución dos Decretos 366/2009 e 109/2010.
- 20/06/2011 rex. Entrada 1095 de Jesus Modia Seren solicitando tomar accións precisas en prevención de danos e perxuizos derivados do incumprimento dos Decretos 366/2009 e 109/2010.
- 20/06/2011 rex. Entrada 1096 de Jesus Modia Seren solicitando que se conteste na maior brevidade a solicitude presentada en data 12/04/2011.
- 11/10/2011 rex. Entrada 1414 de Jesus Modia Seren solicitando información tramites e actuacións realizadas ata a data, en relación coas súas solicitudes presentadas anteriormente e en caso de contrario causas polas que denegaron a falta de resposta pola Administración (solicitudes nº rexistro entrada 1096 20/06/2011 e 361 do 21/03/2011)
- 11/10/2011 rex. Entrada 1414 de Jesus Modia Seren solicitando información tramites e actuacións realizadas ata a data, en relación coas súas solicitudes presentadas anteriormente e en caso de contrario causas polas que denegaron a falta de resposta pola Administración. (solicitudes nº rexistro entrada 1095 20/06/2011 e 468 do 12/04/2011)

Recórdalle o Alcalde o concelleiro D. Jesús Modia que se pediu colaboración á Consellería de Medio Rural e non tiveron resposta e que el non vai cortar a plantación, o concelleiro D. Jesús Modia di que na Xunta dixéronlle que a competencia sancionadora é do Concello, intervén a Secretaría para sinalar que a reposición da legalidade e esixencia de cumprimento de distancias é do Concello pero a potestade sancionadora é da Xunta .

A continuación o Alcalde dálle a palabra ó concelleiro do grupo municipal do PP, D. Antonio Costoya que roga limpeza de sendas peatonais periódicas, resposta o Alcalde que se terá en conta pero non pode estar limpando todos os días .

A continuación o Alcalde recórdalle o concelleiro do grupo mixto que na sesión anterior ordinaria preguntou pola perda de subvención de cultura da Deputación en 4.000€, e quedou pendente a reposta procedendo a infórmalle nesta sesión que se pedía dentro de cultura subvención para gastos de Cantar de Reis e que algún destes gastos e o gasto de aluguer de escenario 2620€, automaticamente como anos anteriores se pagou directamente pola Diputación, ademais solicitárase subvención por 3.000€ para libros dos Bolechas e pretendían colocarnos outros libros, polo que deixouse ese gasto para este ano .

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 21:35 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

E para que así conste, en cumprimento do disposto no artigo 56 da Lei 7/1985, de 2 de abril, para a súa remisión ao Ilmo. Sr. Subdelegado do Goberno e á Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, expido a presente por orde e co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente, en Boimorto a vinte e oito de decembro de dous mil once.=====

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez